

A sección onde
deixares [as túas
opinións](#),
comentarios ou
suxestións e
debater con outros
internautas.

Consulta no
[directorio de
Vieiros](#) as páxinas
sobre literatura,
editoriais e
librarías

Cantando a nación

[05/04/2006 09:58] por **Manuel Rodríguez Alonso**

A terra cantada

Camilo Nogueira

Xerais, Vigo, 2006. 406 páxs., 18 €

Camilo Nogueira reúne neste libro un bo feixe de artigos e mesmo intervencións parlamentarias, que van dende o tratamento da historia medieval galega ata as relacións coa Comunidade Europea ou a crítica do imperialismo estadounidense. Rechamantes son así mesmo os artigos dedicados ao galego, que Nogueira non considera lingua minoritaria, senón maioritaria, posto que para el é unha variante dialectal da lingua falada en Portugal, Galicia, Brasil e as antigas colonias portuguesas de África e Asia. Despois de lermos o libro, podemos concordar máis ou menos con Nogueira, pero do que non dubidamos é de que Galicia (ou Galiza como el quere) é unha verdadeira nación, e non só porque así o proben os feitos do pasado, senón porque é posible un futuro como nación.



Entre os artigos hai que salientar aqueles en que o autor defende e argumenta a existencia dun reino de Galicia perfectamente constituído, anterior a calquera outro reino peninsular e que perdura practicamente ata a época dos Reis Católicos. Desbota así tópicos da historia españolista que nos converten, falsamente, nun apéndice de Castela. Mágoa que estas ideas castelanistas se lles sigan metendo na cabeza aos nosos escolares, especialmente a través das clases de Historia e de Lingua e Literatura Castelá, pois a maioría dos libros de texto destas materias –moitos deles traducidos sen máis do castelán– non consideran para nada as teorías de Nogueira.

Como non podía ser menos, outro grupo de artigos medita sobre a lingua galega. Como xa sinalamos enriba, o noso ensaísta considera o galego como unha variedade dentro do complexo lingüístico xurdido do galego medieval, que non galego-portugués, e cre que o futuro está en integrarse, paseniñamente e sen sobresaltos, nese bloque, fuxindo do castelán. Nesa liña interpreta os cambios e reformas da chamada Normativa de Concordia de 2003. Argumenta que a súa postura sobre a relación galego-portugués é a mesma que seguen os académicos e lingüistas españolistas co castelán-español, que asume todas as variedades peninsulares máis as de América, sen deixar que as diferenzas dialectais callen en novas linguas minoritarias. Así, o galego pasa de ser minoritario a ser unha lingua maioritaria.

Noutros textos analiza a sociedade galega actual, que caracteriza como urbana e progresista, e desbota os vellos tópicos sobre o ruralismo e conservadorismo galegos, na liña de historiadores como Villares ou Durán. Fronte aos que lle apoñen ao nacionalismo galego características ultraconservadoras e incluso carlistas, Nogueira defende e proba o seu indubidable progresismo.

Defende a idea de que Galicia é unha nación, pero non se ancora no pasado, senón que defende esta idea de nación cun proxecto de futuro. Analiza polo miúdo o proceso de explotación que sufrimos: empresas que recadan en Galiza pero declaran e pagan o IVE en Madrid, ENDESA e UNIÓN FENOSA que se aproveitan dos recursos de noso e medran sen ofrecer nada como troco, negociacións coa Comunidade Europea en que se prexudica a pesca ou a agricultura galegas para beneficiar o Mediterráneo... Demostra que a nosa marxinação en canto á modernización das comunicacións segue a ser semellante á do XIX (co ferrocarril), pois continúa primándose o trazado radial do AVE ou o aeroporto de Barajas como grande aeroporto estatal... En fin, que Nogueira non deixa tema de interese sen tratar.

Para rematarmos, cómpre sinalar que son moi engaiolantes os artigos en que analiza o imperialismo americano, especialmente a propósito da guerra de Iraq, ou aqueles en que nos lembra a catástrofe do Prestige, e doutros barcos nas costas galegas, porque salientan o triste papel que fixeron Fraga e mais o executivo galego da época, así como o abandono do Estado central.

Como dicíamos ao principio, podemos estar máis ou menos de acordo con Camilo Nogueira, disentir do que di, pero é evidente que cómpre ler este libro para entendermos a Galicia de hoxe.

[mércao en Andel](#)

COMENTARIOS:

Ei, Manolo, entón iste libro non ten kastelanirmos e kousas desas?

Kuki (06/04/2006 13:33)

Envía o teu comentario:

En Vieiros cremos que a verdade non é propiedade de ninguén, senón que se constrúe entre todos. Por iso, tamén estamos convencidos de que a participación dos lectores e lectoras engade outro valor aos contidos informativos. Pero este xogo ten as súas regras. O insulto, as descalificacións persoais e a linguaxe despectiva atrancan a comunicación libre. O diálogo establécese sobre as ideas, non sobre quen as emite. Por esta razón, eliminaremos os comentarios que non favorezan a liberdade e o razoábel intercambio de opinións. En beneficio da participación e do debate.